

EXPEDIENTE:	2026/00015556T
PROCEDEMENTO:	Elaboración, xestión da convocatoria e concesión de subvencións

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 1 de abril de 2026 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación das Bases do XIX Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.

A proposta é do seguinte teor literal:

O Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados é un certame convocado dende o ano 2008 polo Departamento de Educación do Concello de Santiago, en colaboración coa Editorial Kalandraka, que está dirixido a autores e ilustradores de todas as nacionalidades. A iniciativa xurdiu no marco da Campaña de Animación á Lectura que este departamento municipal organiza desde o 2001, co obxectivo de enxalzar este xénero literario e artístico e proxectar internacionalmente o nome da cidade, a través de publicacións de libros de calidade en varias linguas. Trátase dun dos concursos internacionais con maior dotación económica no seu ámbito de especialización, con 9.000 euros, e cun significativo nivel de participación nas dezaoito edicións, ao que se engade o prestixio do xurado que avalía as obras presentadas.

A convocatoria preséntase agora e o fallo anunciarase na última quincena de xuño de 2026, para proceder á presentación da obra e á entrega do galardón no mes de novembro do ano 2026.

Kalandraka publica a obra premiada nas cinco linguas oficiais peninsulares -galego, castelán, catalán, éuscaro e portugués-. A editorial pode publicar tamén os traballos que reciban unha mención especial.

Kalandraka Editora realiza un importante labor de recuperación de clásicos universais da literatura infantil e xuvenil. Tamén se abriron ao campo creativo, publicando álbums ilustrados de creación propia segundo criterios de alta calidade estética e literaria nos que os autores e os ilustradores galegos poden dar a coñecer a súa obra. A produción editorial desta firma inclúe libros en galego, castelán, catalán, éuscaro, inglés, italiano e portugués.

A súa proxección internacional concrétase coa participación nas principais feiras sectoriais do mundo: Italia, Estados Unidos, Xapón, China, Alemaña, México... O seu mercado esténdese a Norteamérica e a América do Sur, onde a Secretaría de Educación Pública do goberno de México incluíu numerosos títulos de Kalandraka no plan quinquenal do libro e a lectura. Os seus libros tamén están presentes en Europa e en Asia.

Esta traxectoria está salpicada de galardóns a nivel nacional e internacional: Premios nacionais de Ilustración nas categorías infantil e xuvenil: Premio Libreter de Cataluña, Libro mellor editado do Ministerio de Cultura, Premio Nacional de Edición, Premio

Daniel Gil de Deseño Editorial, Premio Isaac Díaz Pardo e o Premio Nacional ao mellor labor editorial 2012, concedido polo Ministerio de Cultura, entre outros.

A proxección internacional do Certame

Ata o momento convocáronse dezaoito edicións que tiveron unha grande aceptación pois contabilizáronse máis de 4.914 traballos, cifra que dá a medida da importante repercusión que este premio ten a nivel internacional. Os traballos presentados a este premio procederon de diversos países como:

Alemaña, Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, España, Estados Unidos, Francia, Honduras, Israel, Italia, México, Perú, Polonia, Portugal e Turquía.

Kalandraka participa activamente nas principais feiras internacionais do libro: Boloña (Italia), Frankfurt (Alemaña), Líber (Madrid/Barcelona), Bos Aires (Arxentina), Lima (Perú), Guadalaxara (México), Book Expo América (EEUU). Beijing (China), Tokío (Xapón)... No espazo expositivo de Kalandraka figuran nun lugar destacado as obra galardoada co Premio Compostela, sendo protagonistas na decoración do propio espazo. Arredor dos álbums galardoados co Premio "Compostela" tamén se organizan actividades: presentacións para editores, libeiros e bibliotecarios; accións de promoción do certame dirixidas a escritores e ilustradores; encontros cos autores das obras premiadas, etc.

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Á vista destes antecedentes considérase de interese convocar o XIX Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, conxuntamente coa Editorial Kalandraka, pois a traxectoria e a sona internacional desta contribúe a darlle prestixio ao premio e dálle tamén a transcendencia que a cidade de Santiago está a ter en diferentes países do mundo no sector da edición e da literatura infantil e xuvenil.
3. Que é preciso aprobar as Bases co obxecto de convocalo co tempo suficiente para que as persoas destinatarias sexan coñecedoras da convocatoria e lles dea tempo de presentar os seus traballos con data límite o 15 de maio de 2026. Hai que ter en conta tamén que unha grande cantidade de traballos proceden de países americanos e permanecen nas aduanas respectivas bastante tempo polo que chegan con bastante retraso a destino.
4. O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para a súa publicación.
5. As bases da presente convocatoria teñen como finalidade fomentar a produción artística e literaria destinada ao público infantil.

O gasto relativo ao Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, do orzamento vixente, cumprindo todos os requisitos establecidos na normativa de aplicación e nas bases de execución.

6. Bases do Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados

O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración con Kalandraka Editora, convoca o XIX Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados, coas seguintes bases:

1. Poderán optar ao XIX Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes ou de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.

2. As bases desta convocatoria teñen como finalidade fomentar a produción artística e literaria destinada ao público infantil e xuvenil.

3. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se admitirán as obras que teñan máis de tres ilustracións publicadas en Internet, así como os traballos xerados, creados ou adaptados por tecnoloxía de intelixencia artificial.

4. Poderán participar unha ou varias persoas, autoras de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Excluíranse as persoas gañadoras das anteriores edicións e persoas traballadoras ou extraballadoras da editorial Kalandraka.

5. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).

6. As persoas autoras que opten ao premio deberán presentar:

- Cinco copias do texto.
- Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas. No caso de utilizarse técnica dixital, admitiranse impresións da obra en alta resolución.
- Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta: unha versión impresa con deseño, texto e ilustracións, o máis semellante posible ao que será o libro acabado.

7. Nas obras non deberá figurar o nome dos e das autoras, senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais das persoas participantes achegaranse nun sobre pechado: no seu exterior indicárase o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia completa do DNI ou pasaporte, así como unha breve recensión biográfica.

8. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña, España). No sobre especificárase obrigatoriamente «XIX Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos e das autoras.

9. O prazo de presentación dos orixinais ábrese coa publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e remata o 15 de maio de 2026. O selo postal dos traballos presentados por correo ou por empresas de mensaxería non poderá ser posterior á data do último día de entrega. A decisión do xurado farase pública na última quincena de xuño de 2026.

10. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e da ilustración que, segundo o seu criterio técnico, seleccionarán a obra premiada. Actuará de secretaria a persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.

11. Establécese un único premio, dotado de 9000 €. O premio está suxeito ás retencións que, de ser o caso, procedan. O importe do premio non se fará efectivo ata que a persoa autora ou autoras entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada será publicada en galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués pola editorial Kalandraka no mes de novembro do ano 2026 e, para tal efecto, asinaranse os correspondentes contratos de edición. Así mesmo, a editorial terá prioridade de publicación daqueles traballos que recibisen mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal a persoa autora (ou autoras) poderá dispoñer libremente das súas obras.

12. A persoa autora (ou autoras) cederá os dereitos da primeira edición, segundo debe constar no contrato que asinará coa editorial Kalandraka.

13. A persoa autora (ou autoras) comprométese a entregar a obra rematada antes do 3 de setembro do 2026.

14. A persoa autora (ou autoras) correrá con todos os gastos de envío das obras ao destino. A organización non se fai responsable das posibles perdas ou deterioracións dos orixinais nin dos atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poida afectar á chegada das obras ao concurso.

15. Os e as autoras poderán solicitar a devolución dos orixinais non seleccionados. Terán que comunicalo por escrito no enderezo de correo electrónico premiocompostela@kalandraka.com durante o prazo dun mes dende a decisión do xurado e asumirán os custos de envío. Para este efecto, facilitaráselles ás persoas interesadas un número de conta onde facer os ingresos correspondentes para o pagamento dos portes. Logo de que transcorrese ese tempo, as obras non reclamadas serán destruídas.

16. A organización non se compromete a manter correspondencia postal nin telefónica sobre os orixinais non premiados nin sobre a interpretación e aplicación deste regulamento.

17. Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Santiago de Compostela <http://santiagodecompostela.gal/> e nas súas redes sociais.

O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS trasladaralle o extracto desta ao *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* para a súa publicación.

18. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar, será establecida polo xurado ou, de ser o caso, pola organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobar as bases do XIX Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.

2.- O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, do orzamento vixente.

O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:
Á conta do Concello de Santiago de Compostela.

Aplicación orzamentaria 080.32600.4890100.....	8.000,00 euros
Á conta de Kalandraka Editora (CIF B 36302024).....	1.000,00 euros

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar as bases do XIX Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela coa editorial Kalandraka.

2.- O gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.4890100, do orzamento vixente.

O premio está dotado coa cantidade de 9.000 euros, de acordo co seguinte reparto:
Á conta do Concello de Santiago de Compostela.

Aplicación orzamentaria 080.32600.4890100.....	8.000,00 euros
Á conta de Kalandraka Editora (CIF B 36302024).....	1.000,00 euros